



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Henrique Viéitez Alonso**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á exclusión da lingua galega nas campañas publicitarias de Galicia Calidade no noso propio país.

Galicia Calidade é unha sociedade anónima dependente da Consellaría de Economía e Industria. Persegue, na súa condición de marca de calidade, o recoñecemento de confianza, prestixio e calidade dos produtos galegos.

Non é posíbel entender, por estes motivos, a razón que xustifica a exclusión da lingua galega na súa última campaña publicitaria. Toda Galiza está inzada de paneis de grandes dimensións co lema:

*“La mejor calidad gallega controlada. Galicia Calidade.”*

Non existen motivos comerciais que fundamenten a exclusión da lingua galega nesta campaña publicitaria dentro do propio país, e dirixida primordialmente a consumidoras e consumidores galegos. Aínda máis, segundo diferentes estudos de mercado, o uso da lingua galega na promoción ou etiquetaxe de produtos, é percibido como sinónimo de cercanía e de confianza no propio, adquirindo maior credibilidade no mercado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Porén, a campaña publicitaria, cun custo económico que se achega ao medio millón de euros, exclúe o galego, tanto nos paneis localizados nas estradas e rúas, como nos autobuses ou nos aeroportos galegos.


Só é explicábel unha campaña destas características no contexto de combate á lingua galega que o actual Goberno do Partido Popular está a emprender desde a súa toma de posesión, e singularmente a Consellaría de Economía e Industria, onde o seu titular se distingue precisamente por desprezar o idioma propio do país, mesmo eliminándoo de calquera intervención pública, oficial, no desempeño da súa responsabilidade.

A supresión do galego da que fai gala Galicia Calidade (e por extensión a Consellaría de Economía e Industria) é a mellor demostración da desafección polo propio, da anulación do galego. Non é posíbel defender o país, e o prestixio dos seus produtos, con tanta dose de vergoña e autonegación.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Industria , Enerxía, Comercio e Turismo:

1.<sup>a</sup>) Por qué razón se discrimina a lingua galega na citada campaña de Galicia Calidade?

2.<sup>a</sup>) Acaso o noso idioma non vale para promocionar produtos galegos de calidade no noso propio país?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/02/2010 10:44  
**Nº Rexistro: 23455**  
Data envío: 16/02/2010 10:44:59.732

3.<sup>a</sup>) A canto ascende exactamente o custo económico desta campaña publicitaria, e como se desglosa?

4.<sup>a</sup>) Ten previsto Galicia Calidade continuar excluindo e desprezando o idioma propio de Galiza, ou polo contrario vai corrixir este comportamento indigno dunha institución pública galega?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Henrique Viéitez Alonso

Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 16/02/2010 10:39:11**

**Henrique Viéitez Alonso na data 16/02/2010 10:39:14**